



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE, COMO LEI DO CONTRATO, REXIRÁ O PROCESO ABERTO PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS CONSISTENTE NA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DO CATASTRO DE URBANA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

1) RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O contrato de execución de servizos que se refire o presente prego ten carácter administrativo e rexerase pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), modificada pola Lei 34/2010, e as súas disposicións de desenvolvemento particularmente o Real Decreto 1098/2001 (naquelo que non se opoña ou contradiga a citada lei 30/2007) e o Real Decreto 817/2009, así como, no seu caso, ás disposicións que en materia de contratación dicte a Comunidade Autónoma nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos axustaranse ó contido do presente prego de cláusulas administrativas particulares, cujas cláusulas consideranse parte integrante dos respectivos contratos.

No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ó contratista do seu cumprimento.

2) OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES A SATISFACER.

O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo a que se refire o Anexo I A), donde asemade se especifican as necesidades a satisfacer .

3) PRESUPOSTO DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO.

O presuposto de licitación é o que figura no Anexo I A) (cadro de características do contrato), no que se indicará como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que deba soportar o Concello.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o imposto sobre o valor engadido (IVE).



No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e cánones de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos e honorarios do persoal ó seu cargo que realice os traballos.

No Anexo I A) indicárase tamén o sistema de determinación do prezo, que poderá estar referido a compoñentes da prestación, unidades de execución ou unidades de tempo, ou fixarse a tanto alzado cando non sexa posible ou conveniente a súa descomposición, ou resultar da aplicación de honorarios por tarifas ou dunha combinación de varias destas modalidades.

No caso de que o valor estimado do contrato conforme ás previsións do art. 76 da LCSP, non coincida co presuposto de licitación, farase constar tal circunstancia no Anexo I A) (cadro de características do contrato), motivándoo axeitadamente, donde igualmente se indicará si o contrato está ou non suxeito a regulación harmonizada.

4) FINANCIACIÓN.

O contrato financiase segundo se especifica no Anexo I A) (cadro de características do contrato). Para atender as obrigas económicas que se derivan para a o Concello do cumprimento do contrato deberá de existir crédito suficiente no orzamento correspondente á primeira anualidade e consignarse nos orzamentos de cada un dos exercicios orzamentarios aos que se estenda o contrato crédito suficiente para atender o mesmo, e con cargo á aplicación orzamentaria sinalada no Anexo I A) (cadro de características do contrato), estando financiado segundo o desglose indicado no devandito anexo.

4) REVISIÓN DE PREZOS.

O prezo do presente contrato poderá ser obxecto de revisión conforme ós disposto nos art. 77 a 82 e disposición transitoria segunda da LCSP, aplicándose a estes efectos a fórmula ou índices oficiais recollidos no Anexo I A) (cadro de características do contrato), donde se especificará igualmente se os prezos son ou non revisables. No suposto de que non o foran só se modificará dita circunstancia pola prórroga do prazo durante a execución do contrato por causa imputable á Administración ou por causas de forza maior, entendendo por tales as sinaladas no art. 214 da LCSP.

5) PRAZO DE EXECUCIÓN.

5.1.-O prazo de execución do contrato, así como os prazos parciais que, no seu caso, puideran establecerse, serán os que se sinalen no Anexo I A) (cadro de características do contrato), e comezaran a contar a partir do día seguinte ó da sinatura do contrato.

5.2.-Prórrogas.-Agás que no Anexo I A) se indique o contrario, antes da finalización do contrato, por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse o prazo de execución do mesmo, sempre que a duración total, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinalmente.



6) CAPACIDADE E SOLVENCIA DO EMPRESARIO PARA CONTRATAR.

6.1.- CAPACIDADE

Conforme ó disposto polo art. 43 da LCSP, poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade para obrar non se atopen comprendidas en algunha das circunstancias que enumera o artigo 49 da LCSP, e acrediten a solvencia económica, financeira e técnica precisa nos termos dos artigos 63, 64 e 67 da LCSP, ou, nos casos en que legalmente sexa esixible, se atopen debidamente clasificadas.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuias prestacións estén comprendidas dentro dos fines, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propios.

Os empresarios deberán contar, asemade, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización do servizo que constitúa o obxecto do contrato.

A Administración poderá contratar con unións de empresarios (UTE) que se constituán temporalmente ó efecto. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais, quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, conforme ao establecido no artigo 48 da LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizarse en escritura pública, así como presentar o C.I.F. da Unión Temporal, todo elo dentro do prazo de quince días hábiles seguintes á publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante e, no seu caso, no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia. A duración da UTE será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

6.2.- SOLVENCIA

Os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica, financeira e técnica que se especifican no Anexo II, no que, asemade se indicará a documentación requirida para acreditar as mesmas. Este requisito será substituído polo da clasificación cando esta sexa esixible conforme ó disposto pola LCSP.

Clasificación do contratista: Para contratar coa Administración a prestación dun servizo de orzamento superior á cantidade establecida no artigo 54 da LCSP, será requisito indispensable que o contratista obtivera previamente a correspondente clasificación e que, de se-lo caso, indicárase no Anexo I A) (cadro de características do contrato).

Non obstante o anterior, de conformidade co disposto pola disposición transitoria quinta da LCSP, en tanto non se produza o desenvolvemento regulamentario da citada lei, en virtude do que se definan os grupos, subgrupos e categorías en que se clasificarán os contratos, a clasificación dos contratistas será esixible conforme ó disposto polo parágrafo primeiro do art. 25.1 da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).



Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea non será esixible a clasificación, xa concorran illadamente ou integrados nunha unión, sendo suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indican na cláusula 12.1.F).

Cando non sexa esixible a clasificación, para acreditar a solvencia necesaria o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios, debendo achegarse certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia (este certificado terá a consideración de solvencia complementaria, non podéndose excluír da que o empresario deba achegar como propia).

En caso de que o referido certificado sexa aceptado polo órgano de contratación, a administración poderá esixir en vía administrativa o cumprimento pola empresa prestataria da solvencia de aquilo ó que se comprometeu coa empresa contratista. Neste senso, a presentación do certificado deberá conter a aceptación expresa dos efectos sinalados no art. 1257.2 do Código Civil pola empresa que preste a súa solvencia.

7) PERFIL DE CONTRATANTE

No perfil de contratante do órgano de contratación publicarase a adxudicación do contrato, así como calquera outro dato e información referente á súa actividade contractual, conforme ó establecido no art. 42 da LCSP.

O acceso público ó perfil de contratante realizarase a través da páxina Web do Concello indicada no Anexo I A) (cadro de características do contrato).

8) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato adxudicarase mediante PROCESO ABERTO, de acordo co sinalado nos art. 122 e 141 da LCSP, o que se indicará no Anexo I A) (cadro de características do contrato), no que tamén se incluírá, no seu caso, a posibilidade de incluír variantes ou melloras, sen repercusión económica sobre os elementos e condicións indicadas no mesmo conforme ó disposto polo art. 131 da LCSP.

No Anexo VII determinaranse os criterios obxectivos de adxudicación e baremo de valoración dos mesmos.

9) PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS OU SOLICITUDES.



O órgano de contratación anunciará a licitación do contrato nos correspondentes boletíns oficiais de acordo co disposto pola LCSP, así como no perfil de contratante.

Cada licitador presentará unha soa proposición. Non se poderán subscribir propostas de unión temporal con outros se xa o fixo individualmente ou figura noutra UTE. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvidade ou reserva algunha.

10) PROPOSICIÓNS: LUGAR e PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se sinalen no Anexo I A) (cadro de características do contrato).

No Anexo I A) indicárase o tipo de tramitación do expediente, ordinaria ou urxente, ós efectos previstos na normativa contractual.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

11) PROPOSICIÓNS: LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

11.1.- Lugar e prazo de presentación.-

As proposicións, así como as solicitudes de participación, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse no Rexistro de Licitacións do Concello de Vilagarcía de Arousa, no prazo sinalado no anuncio de licitación.

Caso de remitilas proposicións por correo o interesado acreditará, co resgardo correspondente, a data e hora de imposición do envío na oficina de correos e anunciará ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante Fax, telefax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición no suposto de recibirse a documentación con posterioridade á data e hora de terminación do prazo fixado no anuncio de licitación. De tódolos xeitos, transcorridos 10 días dende o remate do prazo de presentación xa non será admitida ningunha proposición por correo. O rexistro de licitacións municipal acreditará a recepción do anuncio de remisión de documentación, facendo constar o día da súa expedición e recepción.

11.2.- Forma de presentar as proposicións.-

- a) Adxudicación do contrato polo procedemento aberto



No caso de que o contrato se adxudique, segundo o especificado no Anexo I A) (cadro de características do contrato) polo procedemento aberto, os licitadores presentarán, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación, tres sobres, os sinalados coas letras A, B e C da cláusula seguinte, pechados, de xeito que se garanta o segredo do seu contido.

Cando no Anexo I A) (cadro de características do contrato) se indique como único criterio de adxudicación o prezo máis baixo, os licitadores unicamente presentarán os sobres A e C.

Toda a documentación das proposicións ou solicitudes presentadas deberá vir redactada en galego ou en castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ó galego ou castelán.

A proposición económica axustarase ós aspectos obxectivos de adxudicación que se conteñen no Anexo VII, así como ó modelo que se contén no Anexo V.

No exterior dos sobres figurará o indicado no Anexo VI deste prego, e no seu interior toda a documentación que de seguido se recolle.

12. DOCUMENTACIÓN.

Os documentos que se acheguen xunto ás proposicións ou solicitudes de participación haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas á vista dos orixinais polo/a Secretario/a do Concello ou funcionario en quen delegue, así como aquelas compulsadas ante notario ou letrado doutra administración pública con funcións fedatarias.

De conformidade co disposto no art. 87.4 do RXLCAP unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que estes se interpuxeran, a documentación que a compañía ás proposicións quedará a disposición dos interesados, polo que poderán solicitar a devolución da mesma, agás o licitador que resulte adxudicatario do contrato.

12.1.-SOBRE A: Subtitulado “Documentos xerais”.

Conterá a seguinte documentación:

12.1. A) Documentos acreditativos da personalidade e capacidade dos licitadores.-

A-1) Empresarios individuais: D.N.I., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Empresarios Persoas xurídicas:

Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.)

Escritura de Constitución ou Modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible consonte á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.



D.N.I., pasaporte ou documento que o substitúa, da persoa física que actúe como representante da persoa xurídica.

A-3) Empresas estranxeiras:

A-3.1) Empresas Comunitarias:

Terán capacidade para contratar as empresas non españolas de estados membros da Unión Europea que, conforme á lexislación do Estado en que estén establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopen establecidas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado donde están establecidas, ou mediante a presentación das certificacións que se indican no Anexo I.1 do RXLCAP (Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001), en función dos diferentes contratos.

A.3.2) Empresas non comunitarias:

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española, que se achegará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables ós enumerados no art. 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

Ademais será necesario que estas empresas teñan aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estén inscritas no Rexistro Mercantil.

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España do Estado correspondente ou da Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que conste -previa acreditación pola Empresa-, que figura inscrita no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto que actúa con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

A-4) Habilitación profesional:

Cando sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato unha determinada habilitación empresarial, achegarase certificado que acredite as condicións de aptitude profesional (Véxase Anexo I A).

12.1. B) Poderes:



Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, achegará poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

12.1. C) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refíre o apartado anterior da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a Secretario/a da Corporación, funcionario do concello ou de calquera outra administración pública habilitado ó efecto. O poder deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil (agás que se trate dun poder especial para un acto concreto).

12.1. D) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades e declaracións responsables:

- a) Declaración de non estar incursos en prohibicións e impedimentos para contratar establecidas no art. 49 da LCSP.
- b) Declaración responsable de ter capacidade de obrar.
- c) Declaración responsable de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

Os licitadores poderán acreditar estas declaracións mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

As referidas declaracións poderán acreditarse conforme ó modelo fixado no Anexo III.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esté prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

12.1. E) Clasificación:

Cando sexa esixible a clasificación administrativa conforme ó indicado na LCSP, farase constar no Anexo I A), debendo presentar o licitador certificado de clasificación administrativa esixido, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia, acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a obtención da mesma.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que a obtivera e para cuia celebración non se esixa estar en posesión da mesma.

A clasificación das unións temporais será a resultante da acumulación das clasificacións das empresas agrupadas, de conformidade co establecido no art. 56.5 da LCSP, e nas súas normas de desenvolvemento, e demais normas reguladoras da clasificación de contratistas de obras. En todo caso, para proceder á acumulación, todas deberán estar clasificadas previamente como contratistas de obras, sen perxuízo do previsto para empresas comunitarias conforme ó art. 48.4 da LCSP.

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato teña que ser realizada por empresas especializadas que contén cunha determinada habilitación ou autorización empresarial



ou profesional, a clasificación no grupo correspondente a esa especialización, no caso de ser esixida no Anexo I A), poderá supriarse polo compromiso do empresario de subcontratar a execución desa porción con outros empresarios que dispoñan da habilitación e, no seu caso, clasificación necesarias, sempre que o importe da parte que deba ser executada por estes non exceda do 50% do prezo do contrato.

No caso de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, non será esixible a clasificación, xa concorran ó contrato illadamente ou integrados nunha unión temporal, sen prexuízo da obriga de acreditar a súa solvencia conforme ó indicado no apartado seguinte (12.1. F).

12.1. F) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira e técnica:

Cando no Anexo I A) non se esixa clasificación administrativa, a citada solvencia poderá acreditarse mediante os medios de admisión e conforme ós criterios fixados no Anexo II polo órgano de contratación.

Considerarase que a empresa ten solvencia económica e financeira e técnica se cumpre cos criterios que se sinalan no indicado Anexo II.

12.1. G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a integrarían, acreditación da personalidade, capacidade e solvencia económica, financeira e técnica de cada unha delas, ou, no seu caso, clasificación conforme ó indicado no apartado 12.1.E) deste prego, así como participación de cada unha das empresas na UTE, co compromiso de constituíla formalmente no caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co artigo 48.2 da LCSP. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e no mesmo expresarase a persoa a quen designan como representante da UTE ante o Concello para todos os efectos relativos ó contrato.

12.1. H) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopan nalgún dos supostos previstos no art. 42 do Código de Comercio, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, con indicación das que se presentan á licitación.

Esta declaración deberá constar en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación(86 do RXLCAP).

12.1. I) Xustificación traballadores con discapacidade:

No seu caso, os licitadores xustificarán que teñen na súa plantilla un número de traballadores minusválidos superior ó 2%.

12.1. K) Sometemento ós Tribunais Españois por parte das empresas estranxeiras:



As empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias) presentarán declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que, de xeito directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante (art. 130.1 d) da LCSP).

12.1. L) Rexistro Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas :

Os licitadores que acheguen certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia a que se refire o art. 72 da LCSP, ou ben un certificado comunitario de clasificación conforme ó establecido no art. 73 da LCSP, acompañado dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non variaron, quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A-1),A-2), A-4), B), C), D) (apartados a, b e c), E), e F), sempre que o certificado acredite tales extremos.

A estes efectos acompañarase certificado no que conste o cumprimento dos requisitos de ditos apartados, e deberán indicar no exterior do sobre o número de rexistro que teñen asignado, indicando, asemade a qué rexistro pertence (Estatual/ CCAA Galicia).

O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderán comprobar os datos do certificado achegado e obter o mesmo actualizado á data en que remate o prazo de presentación de proposicións.

12.1. M) Domicilio: Tódolos licitadores deberán sinalar un domicilio, indicando dirección postal e, no seu caso, nº de teléfono, fax e dirección de correo electrónico para a práctica de notificacións.

12.1.N) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado alfabeticamente conforme á orde seguida no apartado 12.1 do presente prego, de conformidade co art. 80.1 do RXLCAP.

12.2. SOBRE B: Subtitulado “ Documentación técnica relativa a criterios non avaliados de forma automática”.

Os licitadores incluírán neste sobre, de acordo co establecido no art. 134.2 da LCSP, a documentación na que figuren as características da oferta do licitador e que acredite e xustifique o cumprimento das condicións materiais que se contemplan no Prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adjudicación suxeitos a xuízos de valor establecidos no Anexo VII, por non ser avaliados por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

Conterá os seguintes documentos:



12.2.a) Proposta técnica, que incluirá a documentación indicada no Anexo IV.

12.2.b) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado alfabeticamente segundo a orde que se detalla no apartado 12.2 do presente prego, de conformidade co art. 80.1 do RXLCAP.

12.3. Sobre C: Subtitulado “Oferta económica e documentación relativa a criterios avaliáveis de forma automática”.

Conterá:

12.3. a) A Proposición económica formulada consonte ó Modelo que figura como Anexo V deste Prego.

A oferta económica incluirá como partida independente o Imposto sobre o valor engadido (IVE) que deba ser repercutido.

Na oferta económica entenderanse incluídos a tódolos efectos os demais tributos, taxas e cánones de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos e honorarios do persoal ó seu cargo que realice os traballos.

Cada licitador só poderá presentar unha oferta económica, non sendo admitidas proposicións económicas por importe superior ó presuposto aprobado.

No caso de discordancia ente a cantidade consignada en cifras e a consignada en letras, prevalecerá esta última.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente todo aquilo que o Concello estime fundamental para a oferta.

12.3.b) Compromiso de tramitación de expedientes durante cada exercicio económico.

Esíxese unha porcentaxe mínima de tramitación de expedientes dentro de cada exercicio económico do 70%.

Os licitadores poderán ofertar un compromiso de tramitación de maior porcentaxe expedientes durante cada exercicio.

O incumprimento deste compromiso dará lugar á imposición das penalidades indicadas no anexo I A) en relación coa cláusula 18 deste prego.



12.3. c) Melloras ofertadas polo licitador:

Respecto ás melloras só se poderán tomar en consideración as melloras, sen repercusión económica, que se prevean expresamente no prego. Neste caso no Anexo IX precisarase sobre qué elementos e en qué condicións queda autorizada a súa presentación.

A proposta de mellora aceptada polo órgano de contratación na adxudicación formará parte do contrato, debendo recollerse expresamente no mesmo

12.3 d) Equipo humano proposto: Relación nominal do persoal que destinará á execución da prestación, con indicación da súa cualificación ou categoría profesional. O persoal deberá ser como mínimo o indicado na cláusula III do prego de prescricións técnicas particulares.

O director dos traballos non poderá ser substituído sen a previa autorización do Concello e, en todo caso, a súa substitución realizarase por unha persoa que teña unha titulación e experiencia profesional relativa ó obxecto do contrato similar á daquela persoa á que substitúe.

12.3 e) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado alfabeticamente segundo a orde que se detalla no apartado 12.3 do presente prego, de conformidade co art. 80.1 do RXLCAP.

13) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

13.1 Recepción de proposicións.

Rematado o prazo de recepción de proposicións ou solicitudes de participación, o xefe da oficina receptora expedirá certificación na que se relacionen as proposicións recibidas, as presentadas por correo cos requisitos da cláusula 11.1 do presente prego ou, no seu caso, sobre a ausencia de licitadores, que, xunto cos sobres, remitirá á secretaría da Mesa de Contratación designada polo órgano de contratación.

13.2 Comisión Técnica.

Poderá designarse unha comisión técnica encargada de elaborar os correspondentes informes técnicos en relación coa documentación contida no sobre B.

13.3. Cualificación dos documentos no procedemento aberto:

A) Apertura do Sobre “A”

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación (cuxa composición figura como anexo VIII), reunirse para cualificar previamente os documentos presentados en tempo e forma. A tal efecto, a presidencia da mesa ordenará a apertura do sobre A.



B) Defectos ou omisións subsanables.

Si se observaran pola mesa de contratación defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarao verbalmente, por telefax ou medios electrónicos, informáticos ou telemáticos ós interesados e o fará público a través do perfil de contratante do órgano de contratación. Sen prexuízo do anterior, faranse públicas a través de anuncios no Taboleiro da Corporación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen ante a mesa de contratación, baixo apercibimento de exclusión definitiva do licitador se no prazo concedido non procede á subsanación dos defectos ou omisións na documentación presentada.

C) Aclaracións de documentos.

Ós efectos establecidos nos artigos 43 a 70 da LCSP, a mesa de contratación poderá recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requirirille para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de cinco días sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas. (art. 22 RXLCAP en relación co art. 71 LCSP).

D) Valoración dos criterios de selección das empresas.

A mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación a que se refire o artigo 130.1 da LCSP e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións procederá a determinar as empresas que se axustan ós criterios de selección fixados no presente prego (capacidade, solvencia económica e financeira e solvencia técnica), con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación e os rexeitados, indicando as causas.

E) A continuación a Mesa procederá, en acto público, á apertura dos sobres “B” dos licitadores admitidos.

Do actuado conforme a esta cláusula deixarase constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.

13.4 Informes técnicos

Unha vez adoptado acordo sobre a admisión definitiva dos licitadores e aberto o sobre B, a mesa de contratación remitirá á Comisión Técnica que no seu caso se constituirá, a documentación do citado sobre, a fin de que por esta se realice o estudo das distintas proposicións presentadas polos licitadores admitidos. Este estudo deberá conter a valoración e avaliación das mesmas conforme ós criterios de adxudicación establecidos no Anexo VII.

A orde de prioridade dos criterios de adxudicación e a súa ponderación fixaranse por orde decrecente no Anexo VII.

A valoración dos criterios técnicos establecidos no Anexo citado realizarase no informe da comisión Técnica na orde que se sinale no citado anexo.



Unha vez realizado o estudio das distintas ofertas según os criterios indicados, pola Comisión Técnica elaborárase un informe no que se expresará a valoración e avaliación obtida polos licitadores en cada un dos criterios técnicos obxectivos de adxudicación contidos no Anexo VII, e clasificará as proposicións presentadas por orde decrecente. Este informe, xunto coa documentación, elevarase á mesa de contratación.

13.5 Apertura das proposicións económicas.

1. Unha vez realizadas as actuacións previstas nos parágrafos anteriores, o acto público de apertura das proposicións celebrarase no lugar e día que se sinale no Anexo I A) (cadro de características do contrato).

Con anterioridade ó acto de apertura das proposicións económicas deberá estar en posesión da secretaría da Mesa de Contratación o informe técnico a que se refire a cláusula anterior.

2. Comezará o acto de apertura de proposicións dándose lectura ó anuncio do contrato, no seu caso, e procedendo seguidamente ó reconto das proposicións presentadas e a súa confrontación cos datos que figuren nos certificados estendidos polos xefes das oficinas receptoras das mesmas, feito isto darase coñecemento ó público do número de proposicións recibidas e nome dos licitadores, dando ocasión ós interesados para que poidan comprobar que os sobres que conteñen as ofertas atópanse na mesa e en idénticas condicións en que foron entregados.

3. En caso de discrepancias entre as proposicións que obren en poder da mesa de contratación, e as que como presentadas se deduzan das certificacións, ou que se presenten dúbidas sobre as condicións de segredo en que deberon ser custodiadas, suspenderase o acto e iniciaranse urxentemente as investigacións oportunas sobre o sucedido, volvéndose a anunciar, no seu caso, novamente no taboleiro de anuncios a reanudación do acto público unha vez que todo quede aclarado na debida forma.

4. No acto darase conta do resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causas de inadmisión de estas últimas e notificarase o resultado da cualificación nos termos previstos no apartado 13.3 D) do presente prego.

5. As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

6. Antes da apertura da primeira proposición invitarase ós licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose polo órgano de contratación ou a mesa facer as aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que en este momento poida facerse cargo de documentos que non foran entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou subsanación de defectos ou omisións a que refírese o artigo 81.2 do RXLCAP e cláusula 13.3.B).

13.6 Rexeitamento de proposicións.



Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto previamente aprobado (presuposto de licitación, IVE incluído), variara substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa de contratación, en resolución motivada.

13.7.- Adxudicación do contrato:

A mesa de contratación, clasificará as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no art. 136 da LCSP, por orde decrecente, atendendo ós criterios de adxudicación establecidos no Anexo VII e, visto no seu caso, o informe técnico, formulará proposta de adxudicación do contrato ó órgano de contratación a favor da oferta economicamente máis vantaxosa ou, no seu caso, proposta de declaración de licitación deserta. A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto.

Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

Respecto ó criterio de adxudicación prezo, considerarase como desproporcionada ou temeraria a rebaixa en cada un dos prezos unitarios de licitación nunha porcentaxe superior ó 10% sobre dito prezo unitario de licitación. As características do obxecto do contrato, no que se pon de manifesto a necesidade de cumprir elevadas esixencias, xustifica a limitación ao 10% da rebaixa do prezo. Estímase que unha rebaixa superior non garante o cumprimento do obxecto do contrato.

No caso de que dúas ou máis proposicións se atopen igualadas, como as máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirven de base para a adxudicación terán preferencia de adxudicación, sempre que presentaran a documentación acreditativa, as empresas que contén na súa plantilla cun número de traballadores minusválidos superior ó 2%, conforme ó indicado na cláusula 12.1.I).

Se aínda así persistira o empate entre as proposicións, ou si ningunha das empresas ten preferencia de adxudicación conforme ó parágrafo anterior, resultará adxudicataria aquela que obteña unha maior puntuación no criterio de adxudicación que teña maior peso na ponderación dos mesmos. E no caso de que continuara a igualdade, polo orde de importancia que se atribuíra a cada criterio.

Recibida a proposta de adxudicación formulada pola Mesa, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles (5 no caso de tramitación urxente), a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias que a seguir se indicarán, que poderán ser expedidos, se así se indica no Anexo I A) (cadro de características do contrato), por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. Asemade, advertirase ó licitador que de non cumprimentar axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.



Documentación a requirir:

a) Obrigas tributarias:

- a.1.- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.
- a.2.- Certificación positiva, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo.
- a.3.- Certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vilagarcía de Arousa (esta certificación incorporárase de oficio polo órgano de contratación).

b) Obrigas coa Seguridade Social:

- Certificación positiva, expedida, pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

As circunstancias establecidas nas letras a.1), a.2) e b) anteriores poderán tamén acreditarse mediante a achega do certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Administración do Estado ou polo Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia, sempre que acredite os anteriores extremos.

c) Imposto sobre Actividades Económicas:

Certificación de alta no IAE no exercicio e no enderezo fiscal ou no lugar da realización do servizo, ou recibo acreditativo de pago do derradeiro recibo do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, acompañado dunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se dou de baixa na matrícula do citado Imposto.

No caso de estar exento de este imposto presentarán declaración xustificativa ó respecto e fotocopia compulsada dos documentos que acrediten tal exención (exemplo: declaración imposto sociedades).

d) Garantía definitiva:

Resguardo acreditativo da constitución, na Tesourería Municipal, de garantía por importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), a disposición do órgano de contratación.

A garantía poderá constituírse mediante calquera das formas previstas no art. 84.1 da LCSP.

Cando se indique no Anexo I A) (cadro de características do contrato) e de conformidade co disposto polo art. 83.2 da LCSP, poderase esixir unha garantía complementaria de ata un 5% do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía un total do 10% do prezo de adxudicación do contrato.



e) Escritura de formalización da Unión Temporal de Empresarios:

Asemade, no caso de que o adxudicatario provisional sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

f) Outra documentación:

Calesquera outros documentos da súa aptitude para contratar que lle reclame o órgano de contratación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos **cinco días hábiles seguintes (3 no caso de tramitación urxente)** á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada e concretará e fixará os termos definitivos do contrato. Asemade, notificarase ós licitadores e publicarase simultaneamente no perfil de contratante do órgano de contratación.

Si a Mesa formulara proposta de declaración de licitación deserta, o órgano de contratación declarará deserta a licitación.

Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola mesa de contratación, deberá motivar a súa decisión.

14 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá acreditar ter abonado o importe total dos anuncios de licitación e, no seu caso, o da publicación noutros medios de difusión, dentro dos límites máximos de posible repercusión establecidos no Anexo I A) (cadro de características do contrato).

Os licitadores que achegaran, no sobre de documentación xeral, certificado expedido polo Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Administración do Estado ou polo Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia a que se refire o art. 72 da LCSP, ou ben un certificado comunitario de clasificación conforme ó establecido no art. 73 da LCSP, acompañado dunha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non variaron, deberán reiterar esta manifestación no documento en que se formalice o contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo na data que sinala a Administración contratante, non mais tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores na forma prevista no art. 135.4 da LCSP, constituíndo este documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo á súa costa os correspondentes gastos.



Ademais do contrato, o adxudicatario debera asinar o Prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas (que se unirá como anexo ó contrato).

A formalización do contrato publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación e, ademais, nos diarios oficiais correspondentes nos casos previstos no art. 138 da LCSP, o que se indicara no Anexo I A) (cadro características do contrato).

15) EXECUCIÓN DO CONTRATO:

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

O contrato executarase con suxeición ó establecido no clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación de ó contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo, cando así se especifique no Anexo I A) e co contido mínimo que, no seu caso, se indique no Anexo IV, que será aprobado polo órgano de contratación.

O contratista non poderá substituír ó persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do órgano de contratación ou responsable do contrato, no caso de ser este último designado por aquel.

O contratista está obrigado a gardar silencio respecto ós datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estén relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

16) OBRIGAS LABORAIS, SOCIAIS E ECONÓMICAS DO CONTRATISTA

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

O persoal adscrito ós traballos dependerá exclusivamente do contratista, quen terá tódolos dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresario respecto ó mesmo.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación de persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello.

En xeral, o contratista responderá de cantas obrigas lle veñan impostas no seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a relación laboral ou de outro tipo, existente entre aquel, entre os seus subcontratistas, e os traballadores dun e outro, sen que poida repercutir contra o Concello ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que por incumprimento dalgunha delas, poideran impoñerlle os organismos competentes.



En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de toda cantidade que se vira obrigado a pagar por incumprimento das obrigas establecidas neste prego, aínda que lle veña imposta por resolución xudicial ou administrativa.

Corresponde e será a cargo do contratista:

- a) A obtención das autorizacións e licenzas, documentos e calquera información, tanto oficiais como particulares, que se requiran para a realización do servizo contratado.
- b) Os gastos de comprobación de materiais, no seu caso, vixilancia do proceso de execución e posterior asistencia durante o prazo de garantía.
- c) As probas, ensaios ou informes necesarios para verificar a correcta execución do servizo contratado, co límite do 1% do prezo total do contrato.
- d) A indemnización dos danos que se causen tanto ó Concello como a terceiros, como consecuencia das operacións ou traballos que requira a execución do servizo, agás que tales prexuízos foran ocasionados por unha orde inmediata e directa da administración, sendo en este caso responsable dentro dos límites establecidos na lei. A cantidade en que se concreten tales danos será esixida por vía de prema administrativa.

17) SEGUROS.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato, nos termos que, no seu caso, se indique no prego de prescricións técnicas.

18) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

18.1.- O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo no anexo I A), así como, dos prazos parciais sinalados, no seu caso, no Anexo I A) para a súa execución sucesiva.

Ditos incumprimentos sancionaranse conforme ao previsto no artigo 196 da LCSP.

18.2.- Asemade, está obrigado a cumprir o compromiso de tramitación de expedientes encomendados polo Concello na porcentaxe mínima fixada neste prego e, no seu caso, na ofertada polo contratista.

Ditos incumprimentos sancionaranse de acordo co indicadon o Anexo I A) deste prego.

18.3.- Para a imposición deste tipo de penalidades substanciarase un procedemento no que, necesariamente, terá lugar trámite de alegacións ó contratista.



19) ABONO DO PREZO.

19.1 O contratista ten dereito ó abono do prezo convido, conforme ás condicións establecidas no contrato, correspondente ós traballos efectivamente realizados e formalmente recibos polo Concello.

19.2.- O pago realizarase, segundo se indique no Anexo I A), dunha soa vez ó remate do traballo ou mediante pagos parciais, previa recepción de conformidade.

19.3.- O pago do prezo efectuarase previa presentación de factura, debendo ser repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no documento que se presente ó cobro, sen que o importe global contratado experimente incremento ningún.

20) RECEPCIÓN.

No prego de prescricións técnicas indicárase, no seu caso, o lugar de realización da prestación que constitúe o obxecto do contrato.

A constatación da correcta execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato realizarase mediante a correspondente acta de recepción ou conformidade.

A recepción do obxecto do contrato efectuarase de acordo co previsto nos art. 205 e 283 da LCSP.

Unha vez efectuada a recepción da totalidade do traballo e cumprido o prazo de garantía que, no seu caso, se indique no Anexo I A) , procederá á devolución da garantía prestada, se non resultaran responsabilidades que tiveran que exercitarse sobre a garantía, de conformidade co establecido no art. 90 da LCSP.

21) PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS.

Quedarán propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa tanto o servizo recibido como os dereitos inherentes ós traballos realizados, a súa propiedade industrial e comercial, reservándose o Concello a súa utilización, non podendo ser obxecto de comercialización, reprodución ou outro uso non autorizado expresamente polo Concello de Vilagarcía de Arousa, e este, en consecuencia, poderá solicitar en calquera momento a entrega dos documentos ou materiais que a integren, con todos os seus antecedentes, datos ou procedementos.

Os contratos de servizos que teñan por obxecto o desenvolvemento e a posta a disposición de produtos protexidos polo dereito de propiedade intelectual ou industrial levarán aparellada a cesión de este a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa.

O contratista terá a obriga de proporcionar en soporte informático ó Concello tódolos datos, cálculos, procesos e procedementos empregados durante a elaboración dos traballos.



Os traballos que constitúan obxecto de propiedade intelectual, entenderanse expresamente cedidos en exclusiva ó Concello de Vilagarcía de Arousa, agás no caso de dereitos preexistentes, nos que a cesión pode non ser con carácter de exclusividade.

22) GASTOS DE ANUNCIOS, TRIBUTOS, E OUTROS.

O adxudicatario farase cargo do pago dos anuncios que puidera haber da licitación, adxudicación e demais relacionados co proceso.

Asemade, asumirá a liquidación dos gastos laborais e sociais, e deberá pagar tódolos Impostos, Contribucións, Taxas e Prezos Públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato.

23) DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

O adxudicatario goza dos dereitos contemplados na normativa de contratación.

24) MODIFICACIÓN DO CONTRATO

24.1.- Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. Estas modificacións non poderán afectar as condicións esenciais do contrato.

Non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección do mesmo ou que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, podendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas no art. 158 b) da LCSP.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ó disposto no art. 140 da LCSP.

24.2.- En ningún caso o contratista ou, no seu caso, o responsable do contrato, poderán introducir ou executar modificación algunha no obxecto do contrato sen a debida aprobación previa, e no seu caso, do orzamento correspondente, polo órgano de contratación. As modificacións que non estén debidamente autorizadas polo órgano de contratación orixinarán responsabilidade do contratista, quen estará obrigado a refacer ou repoñer a parte do obxecto do contrato que resulte afectada por aquelas sen abono algún.

24.3.- Cando como consecuencia de modificacións do contrato de servizos de mantemento acordados conforme ó establecido no art. 202 da LCSP, se produza aumento, redución ou supresión de equipos a manter ou a substitución duns equipos por outros, sempre que os mesmos estén contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito algún, en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de



equipos, a reclamar indemnización por ditas causas, sempre que non se atopen nos casos previstos na letra c) do art. 284 da LCSP.

24.4.-Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía definitiva, cuantificándose no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído). Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a notificación ó contratista da aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

25) CESIÓN DO CONTRATO

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro de acordo co disposto polo art. 209 da LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a notificación ó mesmo da autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

26) PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía do presente contrato será o fixado no Anexo I A) (cadro de características do contrato), e contarase a partir da sinatura da acta de recepción positiva ou conformidade.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a efectuar as operacións de reparación e mantemento precisas, sendo responsable dos danos intrínsecos que se produzan. Se o obxecto sobre o que recae o contrato de servizos se deteriorara por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola Administración contratante, a costa do contratista.

Antes da finalización do prazo de garantía, o Concello poderá requirir ó contratista a subsanación dos defectos observados, concedéndolle un prazo para iso, e quedando, neste caso, en suspenso o prazo de garantía ata que por parte da empresa se efectúe a subsanación de conformidade para o Concello.

Transcorrido o prazo de garantía sen obxeccións por parte do Concello, quedará extinguida a responsabilidade do contratista e procederase á devolución ou cancelación da garantía definitiva.

27) CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

27.1.- Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, cos efectos previstos no art. 208 e 285 da LCSP.

27.2.- Outras causas de resolución.

27.2.1.- Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

27.2.1.a).- O incumprimento da obriga de gardar sixilo establecida na cláusula 15 deste prego.



27.2.1.b).- O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato.

Entenderase producido o abandono cando a prestación non se realice coa regularidade axeitada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se de este suposto, o Concello, antes de declarar a resolución, requirirá ó contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

27.2.1.c).- A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

27.2.2 .- O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e perxuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

28) XURISDICCION E RECURSOS.

Xurisdicción competente:

A xurisdicción contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 da LCSP.

As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán remate á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdicción, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Os actos que se dicten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos do art. 310.1 da LCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Recurso especial en materia de contratación:

Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 310 da LCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó



disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Vilagarcía de Arousa, febreiro de 2011.

DILIXENCIA: Para facer constar que por Resolución da Alcaldía de data, aprobouse o presente prego de cláusulas administrativas particulares, xunto cos seus anexos.

Vilagarcía de Arousa, de de 2.....

V e Pr.

Asdo.: Xosé Castro Ratón
Alcalde-Presidente acctal.

Asdo.: Rosa Losada Suárez
Secretaria Xeral

ANEXO I A)

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Nº	Concepto				
1	Obxecto do contrato e necesidade do mesmo	Obxecto: Asistencia técnica para a actualización e mantemento do catastro de urbana do Concello de Vilagarcía de Arousa Necesidade: Dar cumprimento ás obrigas derivadas do convenio de colaboración en materia de xestión catastral suscrito coa Dirección Xeral do Catastro.			
2	Código CPA/CPV	Código CPA: Código CPV: 7 9221000-9 (servizos de asesoramento tributario)			
3	Perfil de contratante	Concello de Vilagarcía de Arousa. http://www.vilagarcia.es			
4	Orzamento de licitación (prezos unitarios)	Concepto	Sen IVE	IVE	Total (IVE inc)
		1.- Por recepción e tramitación de 901N e por tramitación de expedientes de subsanación de discrepancias	11,50 €	2,07 €	13,57 €
		2.- Por recepción e tramitación de 902 M			
		2.1. Igual ou menos de 10 unidades	57,00 €	10,26 €	67,26 €
		2.2. Máis de 10 unidades	53,00 €	9,54 €	62,54 €
		3.- Por recepción e tramitación de 903M e 904 M (cada unidade)	57,00 €	10,26 €	67,26 €
		4.- Revisión de cambios de uso (cada	35,00 €	6,30 €	41,30 €



		unidade)			
		5.- Grabación e modificación de datos censais e/ou cartografía (cada unidade)	8,50 €	1,53 €	10,03 €
5	Valor Estimado do contrato:	Valor estimado total do contrato: 203.771,40 €			Coincide co importe total sen incluír o IVE: NON Coincide o valor estimado unitario. O valor estimado total do contrato non é posible determinalo exactamente, dado que dependerá do número de expedientes que se tramiten. O valor estimado total está determinado en función da facturación.
		Concepto	Valor estimado unitario		
		1.- Por recepción e tramitación de 901N e por tramitación de expedientes de subsanación de discrepancias	11,50 €		
		2.- Por recepción e tramitación de 902 M			
		2.1. Igual ou menos de 10 unidades	57,00 €		
		2.2. Máis de 10 unidades	53,00 €		
		3.- Por recepción e tramitación de 903M e 904 M (cada unidade)	57,00 €		
		4.- Revisión de cambios de uso (cada unidade)	35,00 €		
		5.- Grabación e modificación de datos censais e/ou cartografía (cada unidade)	8,50 €		
		En caso negativo motivar de acordo co art. 76 LCSP:			
6	Determinación do prezo	<input type="checkbox"/> Compoñentes da prestación <input checked="" type="checkbox"/> Unidades de execución <input type="checkbox"/> Unidades de tempo <input type="checkbox"/> Tanto alzado <input type="checkbox"/> Honorarios por tarifas <input type="checkbox"/> Sistema mixto			
7	Revisión de Prezos: SI	En caso afirmativo, fórmula/índice oficial de revisión: Os prezos actualizaranse en función da variación que experimente o índice general de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística, referido ó ano natural anterior a aquel en teña lugar a revisión do prezo do contrato. En caso negativo, xustificación:			
8	Financiación				
		Procedencia	Importe	% Cofinanciación	
		Concello	Non é posible determinar o importe xa que depende do número de expedientes que se tramiten	100%	
		Deputación Prov.			
		Xunta Galicia			
		Adm. Estado			
		Unión Europea: NON Tipo de Fondo:			
9	Aplicación orzamentaria	Partida: 93122706			
10	Anualidades incluído) (IVE	Anualidade 2011	Non é posible determinar o importe xa que depende do número de expedientes que se tramiten		
		Anualidade 2012	Non é posible determinar o importe xa que depende do número de		



			expedientes que se tramiten
		3ª Anualidade	
		4ª Anualidade	
11	Prazo de execución	Prazo total	2 anos, a contar dende o 01/01/2011, xa que, con independencia da data de sinatura do contrato, a empresa adxudicataria deberá tramitar os expedientes presentados/incoados dende o 01/01/2011. A duración do contrato poderá prorrogarse por anualidades ata un máximo de dúas (Duración total do contrato incluídas as posibles prórrogas: 4 anos).
		Prazos parciais	meses meses meses
12	Penalizacións por incumprimento defectuoso ou incumprimento de compromisos ou obrigas esenciais: SI	No caso de incumprimento do compromiso de tramitación de expedientes durante cada exercicio económico imponse unha penalización equivalente ó 1% do prezo de adxudicación do contrato por cada 2 puntos porcentuais de incumprimento do citado compromiso. Esta penalización aplicarase no exercicio seguinte a aquel no que se producira o incumprimento.	
13	Periodicidade do pago:	Trimestral, de acordo con indicado no presente prego e na cláusula VII do prego de prescricións técnicas particulares.	
14	Sujeto a regulación harmonizada	SI X	NON
15	Procedemento de adxudicación	Aberto	
16	Tramitación do expediente	Ordinaria X Urxente	Xustificación:
17	Constitución Mesa Contratación	SI	
18	Tramitación do gasto	Ordinaria	
19	Admisibilidade de Melloras (art. 131 LCSP)	SI (En caso afirmativo, no anexo IX indicaranse as melloras admitidas, e sobre qué elementos e en qué condicións).	
20	Evaluación das ofertas (art. 134.2 LCSP)	Organismo técnico especializado para avaliación de ofertas: Non procede En caso de que proceda identificar organismo:	Comité avaliación ofertas: NON
21	Garantías:	Acreditación por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos: NON	
	Provisional	Non se esixe	
	Definitiva	5% do presuposto de adxudicación (IVE excluído)	
	Complementaria: NON se esixe	% do presuposto de adxudicación (IVE excluído)	



	Razóns polas que se esixe:																
	Garantía mediante retención no prezo	NON															
22	Prazo de Garantía	Seis meses a contar dende a finalización do contrato ou das súas posibles prórrogas.															
23	Prazo máis baixo como único criterio de adxudicación	NON															
24	Acreditación da documentación previa á adxudicación mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos	NON															
25	Clasificación do contratista	Esixencia de clasificación: NON (Véxase, asemade o indicado no Anexo II)															
		<table border="1"> <thead> <tr> <th>Grupo</th> <th>Subgrupo</th> <th>Categoría</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>	Grupo	Subgrupo	Categoría												
		Grupo	Subgrupo	Categoría													
26	Lugar de presentación de proposicións	Registro de Licitacións do Concello de Vilagarcía de Arousa															
27	Prazo de presentación de proposicións	Indicarase no anuncio de licitación que se publique nos diarios oficiais correspondentes															
28	Gastos do Contrato	Os gastos dos anuncios que xenere a licitación do contrato serán a cargo do adxudicatario ata o límite de 3.000,00 €, así como os demais indicados na cláusula 22 do prego.															
29	Data e lugar de apertura dos SOBRES B/C	O acto público de apertura dos Sobres B e C realizarase na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, na data e hora que se anunciará con 3 días hábiles de antelación á súa realización, no perfil de contratante. Asemade, comunicarase con antelación ós licitadores															
30	Prazo máximo para efectuar a adxudicación	2 meses															
31	Publicación formalización contrato en diarios oficiais: SI	BOP X	DOG X														
		BOE X	DOUE X														
32	Esíxese Programa de Traballo	SI	NON X														
33	Habilitación profesional																
34	Outros datos																
35	Observacións																



ANEXO II

ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCIERA E TÉCNICA

Solvencia económica e financeira:

Considerarase que a empresa ten solvencia económica e financeira si cumpre cos criterios que a seguir se sinalan:

- 1.- Cando no Anexo I A) (cadro de características do contrato) se esixa clasificación do contratista, a solvencia económica financeira acreditarase mediante a presentación do certificado de clasificación, acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a obtención da mesma.
- 2.- Cando no Anexo I A) (cadro de características do contrato) non se esixa clasificación administrativa, a citada solvencia poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación con “X”:

	Presentación do certificado de clasificación administrativa como contratista de servizos referente ó obxecto da presente licitación, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia, acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a obtención da mesma.
X	Informe de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
x	Presentación das contas anuais correspondentes ós últimos 3 anos, presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro Oficial que corresponda.
X	Declaración sobre a cifra global de negocios, referida ós últimos 3 anos, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros.

Considerarase que unha empresa ten solvencia económica e financeira se cumpre os seguintes criterios:

Se o informe das institucións financeiras é favorable.

Se o capital asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é como mínimo de 100.000,00 €.

Se das contas anuais se deduce que dispón duns fondos propios que sexan alomenos de 30.000,00 € .

Se a declaración relativa á cifra global de negocios resulta que a de menor importe dos últimos tres anos é superior a 100.000,00 € .

Solvencia técnica:

Cando no Anexo I A) (Cadro de características do contrato) non se esixa clasificación administrativa do contratista, a solvencia técnica acreditarase por calquera dos medios sinalados a continuación con “X”:

	Presentación do certificado de clasificación administrativa como contratista de servizos referente ó obxecto da presente licitación, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia, acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a obtención da mesma.
--	---



X	<p>Mediante a presentación dunha relación dos principais servizos ou traballos de asistencia técnica para a actualización e mantamento do catastro de urbana, realizados para as Xerencias Territoriais do Catastro, Diputacións Provinciais ou Concellos, efectuados nos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e o destinatario dos mesmos. Dita relación conterá un mínimo de 5 servizos ou traballos e un máximo de 10.</p> <p>Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público .</p> <p>Non se considerarán os traballos ou servizos que teñan unha antigüidade superior a 3 anos.</p> <p>O criterio de selección en base a documentación presentada neste apartado, será que as empresas deberán ter realizado, como mínimo, dous servizos ou traballos das características indicadas nos últimos tres anos.</p>						
	<p>Declaración indicando o persoal técnicos ou as unidades técnicas, estén ou non integradas na empresa, participantes no contrato, especialmente os encargados do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes (Exemplo: contratos de traballo, acordos colaboración, etc.)</p>						
	<p>Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.</p>						
X	<p>Títulos académicos e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.</p> <p>Considerarase acreditada a solvencia se contan, como mínimo, co seguinte persoal cos requisitos de titulación e experiencia que se indican:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Un director/a dos traballos, coa titulación que a seguir se indica (marcada con "X" no seguinte cadro), e un mínimo de tres anos de experiencia en contratos de servizos consistentes na asistencia técnica para a actualización e mantamento do catastro de urbana. Deberá achegarse xustificación documental (copia compulsada) da titulación esixida, así como da experiencia (certificado de servizos prestados). <table border="1" data-bbox="236 1355 1029 1496"> <tr> <td data-bbox="236 1355 949 1406">Arquitecto/a</td> <td data-bbox="949 1355 1029 1406">X</td> </tr> <tr> <td data-bbox="236 1406 949 1451">Enxeñeiro/a</td> <td data-bbox="949 1406 1029 1451">X</td> </tr> <tr> <td data-bbox="236 1451 949 1496">Licentura en Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais</td> <td data-bbox="949 1451 1029 1496">X</td> </tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> - 1 Xefe de Equipo con titulación mínima de Arquitecto técnico, Inxeñeiro técnico, ou outro título universitario de grao medio. Deberá achegarse xustificación documental (copia compulsada) da titulación esixida. - 2 traballadores coa titulación mínima de delineantes ou equivalente. Deberá achegarse xustificación documental (copia compulsada) da titulación esixida - 1 informático coa titulación mínima de Formación Profesional segundo grao ou técnico superior relacionado coa informática. Deberá achegarse xustificación documental (copia compulsada) da titulación esixida - 1 Administrativo coa titulación mínima de bacharelato ou equivalente (ciclo superior formación profesional na rama de administración). Deberá achegarse xustificación documental (copia compulsada) da titulación esixida. 	Arquitecto/a	X	Enxeñeiro/a	X	Licentura en Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais	X
Arquitecto/a	X						
Enxeñeiro/a	X						
Licentura en Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais	X						
	<p>Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente (Exemplo: Documentos TC2 de cotización á Seguridade Social).</p>						
	<p>Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos servizos, á que se adxuntará a documentación acreditativa correspondente (Exemplo: permisos circulación vehículos; contratos renting ou leasing de vehículos, maquinaria ou material; contratos arrendamento; facturas xustificativas da compra)..</p>						
	<p>Indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó</p>						



	executar o contrato.
	Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TER CAPACIDADE PARA CONTRATAR

D/Dona con enderezo en R/
..... nº....., piso, concello de,
provincia....., C.P., con D.N.I., actuando en
nome propio ou da empresa, que representa,
declara baixo a súa responsabilidade e ante o órgano de contratación:

1.- Ter plena capacidade de obrar, atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e do Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.

2.- Non atoparse incurso/a nas prohibicións para contratar previstas no art. 49 da Lei de contratos do sector público.

Lugar, data e sinatura do proponente

Nota: Esta declaración deberá outorgarse ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.



ANEXO IV

CONTIDO DA PROPOSTA TÉCNICA

A proposta técnica comprenderá a seguinte documentación:

- 1.- Descrición e estrutura dos procesos completos e integrados da execución dos traballos, con desagregación de tarefas.
- 3.- Sistemas de autoavaliación e control da calidade dos traballos.
- 4.- Equipo técnico con que conta para a prestación do servizo: Deberá ser como mínimo o indicado na cláusula III c) do prego de prescricións técnicas particulares.

ANEXO V

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D con enderezo na rúa número, piso..., Concello de, provincia de, C.P.Teléfono, Fax..... con D.N.I. (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) núm. actuando en nome propio (ou en representación de D.N.I. ou C.I.F. núm.),e con enderezo en R/ núm. piso... , Concello de, provincia de, C.P.Teléfono, Fax....., toma parte na licitación tramitada mediante (indicar procedemento de adxudicación do contrato sinalado no Anexo I A) para a adxudicación da execución do contrato de servizos (1)

manifesta:

- 1º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato.
- 2.- Que se compromete, en nome (propio ou da empresa que representa) a executar a prestación obxecto de licitación, con estricta suxeición ós requisitos e condicións esixidos, e de acordo coas condicións ofertadas, polos prezos unitarios que a seguir se indican (2):

Concepto	Sen IVE €	IVE €	Total (IVE inc) €
1.- Por recepción e tramitación de 901N e por tramitación de expedientes de subsanación de discrepancias			
2.- Por recepción e tramitación de 902 M	2.1. Igual ou menos de 10 unidades		



	2.2. Máis de 10 unidades			
3.- Por recepción e tramitación de 903M e 904 M (cada unidade)				
4.- Revisión de cambios de uso (cada unidade)				
5.- Grabación e modificación de datos censais e/ou cartografía (cada unidade)				

3º.- O prezo ofertado inclúe as seguintes melloras (3):

4º.- Que se compromete a tramitar dentro de cada exercicio económico unha porcentaxe do% dos expedientes que se lle sexan encomendados polo Concello.

5º.- Que destinará á execución do contrato o equipo humano indicado na documentación anexa a esta oferta.

6ª.- Que acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En a de de 200 ..
O LICITADOR (Asinado e Rubricado)

(1) Indicar o contrato que é obxecto de licitación

(2) As cantidades indicaranse en letra e número (en caso de discordancia prevalecerá o indicado en letra).

(3) Este apartado só se consignara no caso de que as melloras foran admisibles conforme ó indicado no Anexo I A) e se o licitador as ofertara.



ANEXO VI

MODELO DE SOBRE “A”

DOCUMENTOS XERAIS para tomar parte na contratación da prestación dos servizos de
presentada por(no seu caso indicárase tamén o nome do representante), con enderezo en....., localidade , Provincia..... C.P..... Tfno.:.....e Fax:.....

(Nª de inscrición no rexistro xeral de contratistas da Administración Estatal e/ou Autonómica).

En a de de 200 ...
O LICITADOR (Asinado e Rubricado)

MODELO DE SOBRE “B”

“ DOCUMENTACIÓN TÉCNICA RELATIVA A CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA”, para tomar parte na contratación da prestación dos servizos de
presentada por(no seu caso indicárase tamén o nome do representante), con enderezo en....., localidade , Provincia..... C.P..... Tfno.:.....e Fax:.....

En a de de 200 ...
O LICITADOR (Asinado e Rubricado)

MODELO DE SOBRE “C”

“OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA”. para tomar parte na contratación da prestación dos servizos de
presentada por(no seu caso indicárase tamén o nome do representante), con enderezo en....., localidade , Provincia..... C.P..... Tfno.:.....e Fax:.....

En a de de 200 ...
O LICITADOR (Asinado e Rubricado)



ANEXO VII

ASPECTOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E BAREMO DE VALORACIÓN

As ofertas dos licitadores valoraranse ata un máximo de 100 puntos, conforme ós criterios obxectivos de adxudicación, ordenados por orde decrecente de importancia, que a continuación se indican e coa ponderación sinalada ó lado de cada criterio.

A) Criterios avaliados de forma automática: Valoraranse ata un máximo de 88 puntos.

A-1) Menor prezo ofertado polo licitador: Valorarase ata 30 puntos.

A valoración do prezo ofertado realizarase dacordo co seguinte sistema:

1.- Se as baixas ofertadas polos licitadores son iguais ou inferiores ó 5%, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = (\%B \times 30) / 5$$

Onde:

P é a puntuación a obter por cada licitador

%B é a porcentaxe de baixa da oferta a considerar

2.- Se as baixas ofertadas por un ou varios licitadores respecto do tipo de licitación son maiores ó 5% e non son consideradas como temerarias, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = (\%Bo \times 30) / Mb$$

Onde:

P é a puntuación a obter por cada licitador

%Bo é a porcentaxe de baixa da oferta a considerar

Mb é a maior porcentaxe de baixa ofertada polos licitadores

Só se considerarán os dous primeiros decimais para as puntuacións obtidas e as porcentaxes de baixa ofertadas.

A-2) Melloras Ofertadas polo licitador: Valoraranse ata un total de 28 puntos, distribuídos do seguinte xeito.

A-2-1) Pola realización de documentos CU1 en formato FXCC de tódalas parcelas nas que, non existindo o citado documento en formato dixital, así se solicite por algún servizo municipal, realizando estes a partir dos documentos CU1 en formato papel existentes no arquivo catastral: 12 puntos



A-2-2) Pola realización de trámites e operacións necesarias para adecuar a numeración consignada na Base de Datos Catastral á numeración aprobada e/ou modificada polo Concello : 10 puntos.

A-2-3) Por asumir, con carácter gratuito, a tramitación de expedientes de subsanación de discrepancias nos 901, 902M, 903M e 904M: 6 puntos.

A-3) Equipo humano proposto: Valorarase ata un máximo de 18 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

- Por cada titulado universitario superior (licenciado ou equivalente): 2 puntos ata un máximo de 6 puntos.
- Por cada titulado universitario de grado medio (Arquitecto técnico, etc. ou equivalente): 1.5 puntos, ata un máximo de 4,5 Puntos.
- Por cada titulado en Formación profesional, bacharelato, ou equivalente:): 1 punto, ata un máximo de 5 Puntos.
- Por cada titulado de Educación Secundaria ou equivalente: 0,50 puntos, ata un máximo de 2.5 Puntos.

Neste apartado só se valorará aquel equipo que exceda dos mínimos esixidos na cláusula III do prego de prescricións técnicas particulares.

A-4) Compromiso de tramitación de expedientes durante cada exercicio económico: Valorarase ata 12 puntos.

Esíxese unha porcentaxe mínima de tramitación de expedientes dentro de cada exercicio económico do 70%, valorándose ata un máximo de 12 puntos unha maior porcentaxe de tramitación co detalle que a continuación se desagrega:

75% de tramitación no exercicio	2 puntos.
80 % de tramitación no exercicio	4 puntos.
85% de tramitación no exercicio	6 puntos.
90 % de tramitación no exercicio	8 puntos.
95% de tramitación no exercicio	10 puntos.
100 % de tramitación no exercicio	12 puntos.



B) Aspectos non avaliados automáticamente: Valoraranse ata 12 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

B-1) Descrición e estrutura dos procesos completos e integrados da execución dos traballos, con desagregación de tarefas: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Este criterio permite avaliar, a través da descrición detallada dos procesos de execución dos traballos o coñecemento do obxecto do contrato e, definitiva, permite cualificar a súa eficiencia.

B-2) Sistemas de autoavaliación e control da calidade dos traballos: Valorarase ata un máximo de 2 puntos.

No caso de empate na valoración das proposicións presentadas polos licitadores, terán preferencia para a adxudicación, as empresas que no sobre de documentación xeral para tomar parte na licitación xustifiquen ter na súa plantilla un número de traballadores minusválidos superior ó 2%.

ANEXO VIII

MESA DE CONTRATACIÓN

Conforme ó acordo do Concello Pleno de data 27/07/2007, a mesa de contratación estará integrada polas seguintes persoas:

Presidenta.- D^a. María Dolores García Giménez
Suplente 1: D^a. María Victoria Hierro Lorenzo
Suplente 2: D^a Tania García Sanmartín

Vocais:

Vocal 1: D^a. Rosa Losada Suárez. Secretaria Xeral do Concello
Suplente 1: D. José Miguel Caamaño Romero (Funcionario do Concello)
Suplente 2: D. Víctor M. de Castro Conde (Funcionario do Concello)

Vocal 2: D^a Carmen Gómez Otero. Interventora Xeral do Concello.
Suplente 1: D^a Trinidad Gómez Reiriz . Tesoureira do Concello)
Suplente 2: Dona María Bermúdez Outón .Funcionaria do Concello

Vocal 3: D^a. Rosa María Abuín Rodríguez (Concelleira)
Suplente1 : D^a. Ana Isabel Lorenzo Fraga (Concelleira)
Suplente 2: D. Xosé Castro Ratón (Concelleiro)

Vocal 4: D. Jaime Ramos Lorenzo (Concelleiro do Grupo Municipal do PP)



Suplente 1: D. Tomás Javier Fole Díaz (Concelleiro do Grupo Municipal do PP)
Suplente 2: D^a. Rocío Ana Llovo del Río (Concelleira do Grupo Municipal do PP)

Vocal 5: D^a. Trinidad Gómez Reiriz (Tesoureira do Concello)
Suplente 1: D. Víctor M. de Castro Conde (Funcionario do Concello)
Suplente 2: D. Avelino O. Samprón González (Funcionario do Concello)

Secretario/a da Mesa de Contratación:

Titular: D^a. María Rosario González Pacios (Funcionaria do Departamento de Contratación)
Suplente 1: D. Miguel Ángel Domínguez Campelo (Funcionario do Departamento de Contratación)
Suplente 2: D. Narciso Boullosa Túñez (Funcionario do Departamento de Contratación)

ANEXO IX

ELEMENTOS CONSIDERADOS SUSCEPTIBLES DE MELLORA

Obxecto do contrato: Asistencia técnica para a actualización e mantemento do catastro de urbana do Concello de Vilagarcía de Arousa	Expte nº:
--	------------------

Elemento: Realización de documentos CU1 en formato FXCC	Puntuación máxima: 12 puntos
Límites e condicións técnicas: Realización de documentos CU1 en formato FXCC de tódalas parcelas nas que, non existindo o citado documento en formato dixital, así se solicite por algún servizo municipal, realizando estes a a partir dos documentos CU1 en formato papel existentes no arquivo catastral.	

Elemento: Adecuación numeración	Puntuación máxima: 10 puntos
Límites e condicións técnicas: Realización de trámites e operacións necesarias para adecuar a numeración consignada na	



Base de Datos Catastral á numeración aprobada e/ou modificada polo Concello.

Elemento: Subsanción discrepancias nos 901, 902M, 903M e 904M	Puntuación máxima: 6 puntos
Límites e condicións técnicas: Por asumir, con carácter gratuíto, a tramitación de expedientes de subsanción de discrepancias nos 901, 902M, 903M e 904M.	